

Os grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdG-PSOE e Partido Popular, presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Coñecido o fallo da sentenza da Audiencia Provincial de Navarra que cualifica de abuso sexual (e non de agresión sexual) os feitos acaecidos en Pamplona durante a madrugada do 7 de xullo de 2016, a Deputación da Coruña acorda manifestar o seguinte:

1.- A Deputación da Coruña reafirmase na súa defensa da separación de poderes e o respecto á independencia do poder xudicial, pilar fundamental do estado de dereito consagrado na vixente Constitución de 1978. Porén, os Tribunais de Xustiza, ao igual que toda manifestación pública do exercicio dos poderes dun Estado democrático, están expostos á opinión pública.

A Deputación da Coruña, recollendo o sentir maioritario da sociedade galega, mostra o seu desacordo co fallo da mencionada sentenza, que ao non ser firme, pode ser recorrido co obxectivo de que se modifique a cualificación xurídica dos feitos descritos como probados no mencionado fallo como un delito continuado de abuso sexual. Neste sentido, manifesta o seu acordo co anuncio do Ministerio Fiscal de presentar recurso contra esta sentenza.

2.- A Deputación da Coruña traslada todo o seu apoio e solidariedade á vítima, aos seus familiares e persoas achegadas.

3.- A Deputación da Coruña mostra a súa comprensión coa decepción e a indignación das mulleres e de toda a cidadanía como consecuencia deste fallo.

4.- A Deputación da Coruña reafirma que todas as institucións deben actuar no marco do dereito de toda muller á súa plena liberdade, e, por conseguinte, declaramos o noso rexeitamento absoluto a calquera tipo de agresión sexista e de calquera outra natureza contra as liberdades das mulleres.

5.- A Deputación da Coruña reafirma o seu compromiso para continuar traballando a favor da igualdade real e efectiva, en defensa dos dereitos das mulleres, e para a erradicación das desigualdades e os distintos tipos de violencia que se exercen cara a elas.

O Voceiro do Grupo Provincial
PARTIDO POPULAR

O Voceiro do Grupo Provincial
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-
PSOE

Asdo.: Agustín Hernández Fdez. de
Rojas

Asdo.: Bernardo Fernández Piñeiro

O Voceiro do Grupo Provincial
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O Voceiro do Grupo Provincial
MAREA ATLÁNTICA

Asdo.: Xosé Regueira Varela

Asdo.: Daniel Díaz Grandío

O Voceiro do Grupo Provincial
COMPOSTELA ABERTA

O Voceiro do Grupo Provincial
ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Asdo.: Manuel Dios Diz

Asdo.: Angel García Seoane